

A apertura ao público da exposición temporal ARQUEOLOXÍA 1990-2005 supón para esta Vicepresidencia e para a Área de Cultura da Deputación de Lugo, da que dependen o Museo Provincial de Lugo e os museos que integran a Rede Museística Provincial, acadar un obxectivo máis na liña de traballo que nos propuxemos abordar na nosa acción cultural en relación cos museos e co cumprimento das súas funcións sociais; un obxectivo que podemos cualificar, sen dúbida, de prioritario e que non é outro que dar a coñecer unha parte moi significativa dos materiais arqueolóxicos almacenados nas zonas de reserva do Museo Provincial de Lugo.

As 440 pezas que se exhiben nesta mostra proceden das numerosas intervencións arqueolóxicas levadas a cabo na cidade e na provincia de Lugo entre os anos 1990-2005 e, na súa maior parte, non se presentaron antes á contemplación do público por diversas circunstancias que quedan analizadas neste catálogo polos comisarios da mostra. Estes interesantes materiais abranguen cronoloxicamente dende o Paleolítico á Baixa Idade Media e supoñen unha valiosísima achega para un mellor coñecemento do noso pasado.

A presentación desta mostra e a elaboración deste catálogo supuxo un enorme esforzo por parte dos seus responsables e por todo o persoal do Museo, un esforzo no estudo e no tratamento das pezas, que incluíu en moitos casos a súa restauración e consolidación, e tamén unha exhaustiva avaliación da riqueza informativa que os materiais nos ofrecen. É por iso que queremos deixar patente os noso parabéns á dirección do museo, aos comisarios da exposición e a todas as persoas que dalgunha maneira colaboraron neste proxecto para facelo chegar a boa fin.

O Museo Provincial de Lugo ten dende o seu nacemento unha vocación arqueolóxica, que non é exclusiva, pero que marcou claramente a súa historia e evolución, como acertadamente recolle no limiar deste catálogo a profesora Raquel Casal; pensamos que esta mostra recupera e pon en valor esta circunstancia e ofrécelle ao público a oportunidade de contemplar centos de pezas inéditas, axeitadamente contextualizadas e presentadas coa información necesaria para a súa comprensión por todo tipo de visitantes e que, por ese motivo, será acollida con sumo interese polo conxunto da sociedade.

Antón Bao Abelleira
Vicepresidente da Deputación de Lugo